



OPEN ESCALO E BOGA XUVENTUDE ENCORO DE CASTRELO DE MIÑO RIO MIÑO **1-SETEMBRO-2019**

Este Open está convocado pola Federación Galega de Pesca e Cásting, sendo responsable da súa organización a Delegación Provincial desta Federación en Ourense, baixo a supervisión do Comité Técnico da especialidade.

A Competición rexerase polo Regulamento de Competicións de Pesca Deportiva e Cásting da FEPeC.

Esta competición terá lugar si se inscriben polo menos doce deportistas.

Lugar e Data:

Desenvolverase no encoro de Castrelo de Miño, o 1 SETEMBRO 2019

Lugar de concentración:

A concentración dos participantes terá lugar no **Restaurante A Quinza** (Ribadavia) ás 9,00 horas do día 1-SETEMBRO-2019

BASES

XURADO

A composición nominal do Xurado darase a coñecer na reunión de deportistas.

MANGAS

O número de mangas será de **dúas**, con unha duración de **2 horas** cada unha.

PROHIBICIÓN DA PESCA

Durante os **dous días** anteriores ó inicio da competición, está terminantemente prohibida a pesca nos distintos escenarios marcados con antelación.



DEPORTISTAS.

- A Organización fixa as seguintes categorías de idade:
- XUVENÍS; DOS 12 AOS 18 ANOS.
- Todos os participantes deberán ter a licenza federativa e a licenza de pesca fluvial da Comunidade Autónoma de Galicia en vigor para o ano 2019.

As inscricións deberán facerse ao correo ourensedelegación@fgpesca.org ata a data linde do 27 de agosto. A inscrición é gratuíta.

ESCENARIO

Estará dividido en dous sectores:

O primeiro na zona de Sampayo (Ribadavia), nun tramo de aproximadamente 2.100 mts., dende o comezo do peirao ata o final do paseo fluvial.

O segundo na zona do Club náutico, nun tramo aproximado de 1.500 mts.

NORMAS DE DESENVOLVEMENTO

- O exercicio da pesca deberá facerse sempre dende a beira, non permitíndose a introdución na auga, agás se fose necesario para acceder ao posto de pesca.
- A modalidade de pesca será o lance ou spinning.
- Non poderán empregarse engados naturais ou vivos, so estarán autorizados engados artificiais (cullerías, peixes artificiais, etc..)
- Tódolos participantes deberán estar acompañados dunha persoa maior de idade. Estas persoas actuarán de controis dos distintos participantes e coidarán da súa seguridade.
- Cada participante deberá gardar unha distancia mínima con outros participantes de un radio de 25 mts.
- O desprazamento dos deportistas farase a pé.

PEZAS VÁLIDAS

- Considéranse válidas as capturas vivas pertencentes a calquera das especies que se atopen no escenario da proba e que acaden a medida mínima establecida de 20 centímetros.
- As capturas deberán presentarse á pesaxe vivas e en bo estado. Para elo deberán conservarse en recipientes adecuados ou por calquera outro método, ata o momento da pesaxe. Non se permite o traslado das pezas ó control en seco mais de 5 metros .

Art. 25.5 do Regulamento de competicións. Está totalmente prohibido botar calquera tipo de lixo ou vertedura contaminante ás augas ou ó entorno. Os deportistas deberán deixar o posto de pesca totalmente libre de lixo. A infracción a esta norma dará lugar á descualificación do deportista.



Queda terminantemente prohibido o consumo de tabaco no transcurso de tódalas competicións oficiais organizadas pola Federación Galega de Pesca e Casting, dende a entrada aos postos ata o final da proba, establecéndose as correspondentes sancións, se é o caso, para quen as incumpra.

Perturbar ou entorpecer o normal desenvolvemento da proba será motivo de expulsión inmediata da mesma e elevarase acta ao Comité de Disciplina ou Xuíz Único de Competición.

PROGRAMA

09:00 horas	Concentración dos participantes. Sorteo de dorsais e entrega de documentación.
11:00 “	Inicio da primeira manga.
13:00 “	Fin da primeira manga.
14:00 “	Avituallamento.
16:00 “	Inicio da segunda manga.
18:00 “	Fin da segunda manga.
19:30 “	Entrega de premios e clausura da competición.

D. Óscar Ramos Vázquez
Presidente do Comité de Black-Bass da FGP